

❖ Le coidadosamente e responde:

1. Cal destes non é un compoñente da atmosfera terrestre?
 - a. O nitróxeno
 - b. O ozono
 - c. O granito

2. A ciencia que estuda a atmosfera para predicir os fenómenos atmosféricos chámase.....

3. A persoa que elabora mapas para explicar o tempo que fixo e avanzar o que vai facer chámase.....

4. Aos fenómenos atmosféricos tamén se lles chama.....

5. O estado da atmosfera nun lugar e nun momento determinado ou nun período de tempo moi curto é o

6. O estado da atmosfera dun lugar ao longo das estacións e durante anos ou décadas é o dese lugar.

7. Para medir a temperatura empregamos o

8. Para medir a presión atmosférica empregamos o

9. Para medir a humidade empregamos o

10. Para medir as precipitacións empregamos o

11. A velocidade do vento medímola co e a súa dirección co

12. Pola súa situación na Terra, España está situada:
 - a. Na zona climática cálida.
 - b. Na zona climática temperada.
 - c. Na zona climática fría.

13. Ordena estas fases do 1 ao 4 para explicar correctamente as distintas fases do ciclo da auga:

_____ Unha parte da auga caída fíltrase baixo terra mentres que o resto flúe polos ríos e regueiros ata os mares e océanos.

_____ O vapor de auga arrefrúa ao ascender e transfórmase en grupos de pequenas gotas de auga líquida que forman as nubes.

_____ A calor do Sol fai que a auga dos ríos e mares se transforme en vapor e ascenda á atmosfera.

_____ A auga das nubes cae en forma de chuvia, neve ou saraiba.

14. Completa o seguinte texto con estas palabras:

potabilizala - enfermidades - potable - microbios - beber - auga - barro - doce - pozos - subterránea

"Tanto para _____ como para outras actividades cotiás, os seres humanos necesitamos auga _____. Conseguimos a _____ doce tomándoa dos ríos ou extraéndoa mediante _____ se se trata de auga _____. Pero moitas veces, as augas doces da natureza conteñen area ou _____, microbios que poden causarnos _____ ou mesmo están contaminadas. Por esa razón, para que poidamos beber auga, temos que _____ antes; é dicir, debemos asegurarnos de que estea limpa de substancias e de _____ perigosos. O resultado é a auga _____ que chega ás nosas casa e que utilizamos para beber, para limpar, para lavarnos...